



Obradoiro "Da violencia sexual ás drogas facilitadoras de delitos contra a liberdade sexual: submisión química vs. vulnerabilidade química"

RELATOR

Manuel Isorna Folgar (G-3593)

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Ricardo Fandiño Pascual (G-1955)

DURACIÓN

10 horas (6 horas asistencia telemática e 4 horas de traballo autónomo titorizado).

DATA E HORARIO

Venres 26 de marzo e 9 de abril de 2021, de 18:00 horas a 21:00 horas.

MODALIDADE

En liña. Plataforma Moodle e ZOOM.

PRAZAS

40.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía Xurídica, psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego, estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía, de Doutoramento e do Máster en Psicoloxía 15€
 Psicólogos/as colexiados/as 30€
 Psicólogos/as non colexiados/as 60€



Obradoiro "Da violencia sexual ás drogas facilitadoras de delitos contra a liberdade sexual: submisión química vs. vulnerabilidade química"

METODOLOXÍA

Clase expositiva, exemplificación e resolución de casos prácticos. Facilitaráselle ás persoas participantes material específico para un correcto seguimento do obradoiro e dos casos prácticos.

OBXECTIVOS

- Proporcionar unha visión psico-xurídica dos delitos cometidos baixo o estado de submisión química ou vulnerabilidade química.
- Dar a coñecer as diferentes substancias máis utilizadas como drogas facilitadoras de asalto sexual (DFAS).
- Examinar os comportamentos máis característicos da vítima e do agresor nos delitos de submisión e vulnerabilidade química.
- Definir pautas de actuación na primeira entrevista coa vítima.
- Establecer un protocolo de actuación ante posibles casos de submisión/ vulnerabilidade química.

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

A actividade formativa terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por correo electrónico a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a actividade formativa entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 16 de marzo de 2021.



Obradoiro "Da violencia sexual ás drogas facilitadoras de delitos contra a liberdade sexual: submisión química vs. vulnerabilidade química"

PROGRAMA

1. Submisión e vulnerabilidade química: concepto e epidemioloxía.
2. Submisión e vulnerabilidade química no ocio nocturno.
3. *Modus Operandi* da vítima e do agresor.
4. Substancias máis consumidas e usadas.
5. A submisión química na lexislación española: o concepto de violencia e o problema da “submisión química” nos delitos sexuais.
6. Entrevista coa vítima.
7. Protocolo de actuación.
8. Investigacións neste eido.

RELATOR

MANUEL ISORNA FOLGAR (G-3593)

Doutor en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. É profesor de Intervención Socioeducativa nas Condutas Aditivas da Universidade de Vigo, na facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social, así como profesor do Máster en Prevención de Condutas Aditivas da Universidade Internacional de Valencia.

Compatibilizou durante 25 anos o traballo de psicólogo no concello de Catoira coa de coordinador do Programa de Prevención de Drogedependencias da comarca Sar-Baixo Ulla, labor que foi recoñecida no 2012 co Premio Reina Sofía. É ademais autor de máis de 50 artigos en revistas científicas nacionais e internacionais, principalmente en temas vinculados coa educación, os menores, as adicións e o deporte. Autor tamén de varios libros sobre o TDAH, o cannabis, a prevención de drogedependencias e a intervención familiar e socioeducativa. Membro do grupo de investigación PS1 da UVigo, do grupo PSicom da USC e do Grupo de EVICT, financiado polo Ministerio de Sanidade para o estudo e abordaxe das políticas de control do policonsumo de cannabis e tabaco en España.

É tamén colaborador habitual de diferentes medios de comunicación e docente en varios cursos de formación da Academia Galega de Seguridade Pública, destacando precisamente a docencia sobre o consumo de “Drogas facilitadoras de asalto sexual: submisión química vs. vulnerabilidade química”.